



CONCELLERÍA DE CULTURA

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura

Expdte.: 2024/C004/000002

INFORME XUSTIFICATIVO DA NECESIDADE DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPRESENTACIÓN ARTÍSTICA DE ORQUESTRAS PARA AS FESTAS DO CARME E A FRAGA 2024

ANTECEDENTES DE FEITO

O decreto 1529/2023 de data 05/07/2023, de delegación de competencias nos membros da Corporación Municipal, designa a Lorena Tenreiro Blanco, Concelleira delegada especial da área de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías dependente da concellaría de Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica que comprende, entre outras a materia de cultura. A delegación abrangue a dirección interna e a xestión en xeral do servizo, pero non inclúe a facultade de emitir actos administrativos que afecten a terceiros. A facultade de xestión inclúe a sinatura dos actos de trámite relacionados co seu ámbito de actuación, tal e como a emisión de informes de necesidade nas contratacións.

En particular, esta delegación comprende no referente a cultura:

- Promover e coordinar eventos de interese cultural e festexos tradicionais.

OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do presente contrato é a contratación artística das orquestras que formarán parte da programación das festas do Carme e a Fraga 2024, actuacións que se desenvolverán os días 19, 20, 21, 22 e 25 de xullo de 2024.

MOTIVACIÓN DA NECESIDADE

A concellaría de cultura entre outros ten como fins os de programar e dirixir actividades escénicas e musicais e deste xeito da resposta as competencias municipais das entidades locais establecidas no artigo 25 de la Ley 7/85 de 2 de abril de Bases de Régimen Local.

O Concello das Pontes organiza as festas patronais do Carme e da Fraga, declarada esta última de interese turístico. Para a celebración de tales acontecementos, ao marxe doutras actividades programadas como as dirixidas aos máis pequenos, barracas etc... a actuación das orquestras son as protagonistas das clásicas verbenas.

Os espectáculos musicais son de interese para o público, e para a consecución dos fins citados, esta concellaría quere contratar uns concertos de música de grupos recoñecidos no panorama musical.

- As orquestras seleccionadas para as verbenas nocturnas das festas do Carme e A Fraga son as seguintes:

- Venres, 19 de xullo: Orquestras Marbella e La Misión
- Sábado, 20 de xullo: Orquestras Olympus e Players
- Domingo, 21 de xullo: Orquestras Satélites e Capitol
- Luns, 22 de xullo: Orquestras Paris de Noia e Origen



CONCELLERÍA DE CULTURA

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura

Expdte.: 2024/C004/000002

E os grupos seleccionados para as sesións vermú son os seguintes:

- Sábado, 20 de xullo: Grupo Pasión
- Domingo, 21 de xullo: Grupo Antha
- Luns, 22 de xullo: Grupo Jaque
- Xoves, 25 de xullo: Louband

Os espectáculos recollidos neste contrato son únicos, exclusivos e orixinais dos grupos relacionados anteriormente.

INSUFICIENCIA DE MEDIOS

O servizo obxecto de contratación para o desenvolvemento do programa e espectáculos descritos non poden ser realizado por persoal propio do Concello de As Pontes, por non dispoñer dos medios técnicos necesarios nin dos recursos humanos profesionais óptimos para a súa finalidade.

PRESTACIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES DO CONTRATO

Para levar a cabo o servizo requirido por esta concellaría o contrato debe incluír os seguintes conceptos:

- A retribución (caché) de todas as persoas artistas obxecto do presente contrato así como as disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e hixiene no traballo.
- Producción e post produción que garanta a organización dos diferentes elementos tanto humanos como materias e técnicos.
- Dentro do obxecto e prezo do contrato se inclúe toda a infraestrutura necesaria para a realización de cada un dos espectáculos programados, tales como:
 1. Condicións técnicas (Rider) de iluminación e son requiridos polos grupos, tanto de escenario como de público cunha PA para cubrir os recintos indicados. Tamén inclúe a totalidade de instrumentos e elementos de escenografía, *backline* e vídeo necesarios segundo requirimentos dos grupos.
 2. Equipos e persoal técnico de son, iluminación, vídeo e *backline*.
 3. Carga e descarga, montaxe e desmontaxe de equipos e materiais.
 4. Transporte, *catering* e aloxamentos para todos os grupos, así como as atencións especiais ou requirimentos dos artistas.
 5. Escenarios, camións-escenarios que cubran as necesidades das orquestras e grupos, e o recinto onde se celebran os concertos. A empresa contratista deberá someterse ás actividades de inspección e control que determinen os servizos competentes do Concello para garantir a plena seguridade das instalacións (electricidade, ITV, documentación de escenarios móbiles asinado por persoal técnico competente e toda a normativa de aplicación.)
- Todo este material será instalado e desmontado no lugar e horarios indicados polo Concello, a costa da empresa adxudicataria, cos seus propios medios e coa antelación requirida para cada actividade. En todo caso, a montaxe e desmontaxe dos escenarios, instalacións eléctricas de luz e son se someterán ás



CONCELLERÍA DE CULTURA

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Rúa Rosalía de Castro, 28, 1º. 15320 · Telf. 981440344 · cultura@aspontes.org · NIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Cultura

Expdte.: 2024/C004/000002

directrices impostas polo Plan de autoprotección do Concello e a programación e actos das festas.
- Póliza de seguro de accidentes que cubra os posibles accidentes do persoal.

CONCLUSIÓN

Á vista do anteriormente exposto, considérase xustificado con este documento o requisito previsto no artigo 116.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, relativo ao “Expediente de contratación: iniciación e contido”, (apartados E e F) para o expediente de contratación do servizo “Servizo de interpretación artística das orquestras e grupos: Orquestra Marbella, Orquestra La Misión, orquestra Olympus, Orquestra Players, orquestra Satélites, Orquestra Capitol, orquestra Paris de Noia, grupo Origen, Grupo Pasión, Grupo Antha, Grupo Jaque, e Louband para as Festas do Carme e A Fraga 2024. (contrato privado por procedemento negociado sen publicidade)

De acordo co orzamento presentado pola empresa Soto Espectáculos As Pontes S.L. en data 13/03/2024, rexistro de entrada número 202499900001093, o prezo do contrato ascendería á cantidade de 153.500,00 euros máis o 21% de IVE (32.235,00 euros), total: 185.735,00 euros.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

A concelleira delegada especial da área de Cultura, Xuventude, Innovación e Novas Tecnoloxías